



Proxecto VIRADA na procura dunha pesca sostible, mediante a redución da captura accidental de cetáceos.

Jose Martínez Cedeira.

Biólogo e presidente da CEMMA.

Especialista en estudos de interacción cetáceos-pesca.

Director do proxecto VIRADA.

A interacción cetáceos-pesca en Galicia.

Como é ben sabido, a actividade pesqueira constitúe un dos principais sinais da identidade de Galicia. A pesca é un elemento que presenta unha grande tradición na nosa terra, e que conta cunha grandísima importancia a nivel cultural, social, e sobre todo, económico. A calidade dos seus produtos é excepcional, pero como veremos a continuación, o seu impacto sobre o medio mariño é moi elevado.

Nas augas galegas contamos coa presenza dunha importantísima comunidade de cetáceos, formada por máis de 20 especies, que comparten co sector pesqueiro unha das áreas mariñas máis produtivas do planeta, na que faena a flota pesqueira máis numerosa e importante do caladoiro nacional Cantábrico e Noroeste.

Neste escenario, resulta inevitable que se cheguen a producir interaccións entre a actividade pesqueira e os cetáceos, nas cales, segundo o tipo de arte de pesca e a especie de cetáceos implicados, cada unha das partes pode resultar beneficiada ou prexudicada.

Deste xeito, os cetáceos poden chegar a producir un impacto económico negativo en determinadas flotas, ocasionando danos nas artes de pesca ou avalando o peixe. Pero sen dúbida, son os grandes prexudicados nesta interacción, por estar sometidos a unha elevada mortalidade por captura accidental nas artes de pesca.

Ao longo dos últimos 30 anos, a Rede de Varamentos de Galicia examinou e analizou a máis de 6.000 cetáceos varados na costa galega. Os resultados destas análises indican que cada ano aparecen varados na nosa costa unha media de 285 cetáceos, a metade dos cales presenta indicios compatibles cun diagnóstico de morte por captura accidental en artes de pesca. Os estudos realizados nesta liña pola CEMMA, estiman que cada ano morren nas augas galegas un mínimo de 1.500 cetáceos por esta causa.

Estas mortes considéranse capturas accidentais, xa que afectan a especies protexidas, que non son o obxectivo da actividade pesqueira, e que non presentan ningún tipo de valor comercial.

Estamos ante un dos grandes retos da actividade pesqueira en Galicia: converterse nunha actividade sostible dende o punto de vista ambiental, e compatible coa preservación da biodiversidade e do medio mariño.

Recentemente, as administracións competentes na materia veñen de prestar atención a esta grave problemática ambiental mariña, e o pasado mes de decembro foron publicadas no BOE dúas importantes ordes referidas á conservación dos cetáceos. Por unha banda, a Orde APA/1200/2020, pola que se establecen medidas para a redución das capturas accidentais de cetáceos durante as actividades pesqueiras, e por outra banda, a Orde TED/1126/2020, pola que se declara á toniña como "Especie en perigo de extinción" dentro do Catálogo Español de Especies Ameazadas", debido principalmente á súa elevada mortalidade nas artes de emalle, principalmente nos miños e trasmallos.



Proxecto VIRADA.

Nestes momentos, a CEMMA está a traballar no **proxecto "VIRADA: Bases para a redución da mortalidade por captura accidental en artes de pesca da toniña (*Phocoena phocoena*) e o arroaz (*Tursiops truncatus*) en áreas Rede Natura 2000 de Galicia"**, contando coa participación como socio da [Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo-OPPF-4](#), e coa colaboración da [Fundación Biodiversidad](#), do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, a través do [Programa Pleamar](#), cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca-FEMP.

O proxecto conta cun orzamento total de 85.021,60 €, e obtivo a máxima valoración na resolución da Convocatoria Pleamar 2019, ocupando o primeiro posto dun total de 87

proxectos presentados. Está integrado no LIFE IP INTEMARES, o maior proxecto de conservación de fauna mariña que se está a desenvolver nestes momentos en Europa.

O obxectivo principal do proxecto VIRADA é contribuír á protección da biodiversidade mariña e á sustentabilidade da pesca mediante a redución das capturas accidentais de cetáceos, en colaboración co sector pesqueiro.

Como obxectivos secundarios establécense os seguintes:

- 1) Coñecer a interacción cetáceos-pesca e o esforzo pesqueiro que se aplica nas áreas Rede Natura 2000 das Rías Baixas, como primeira medida para poder avaliar os efectos negativos (capturas accidentais) da actividade pesqueira sobre o medio mariño.
- 2) Avaliar a magnitude do impacto da mortalidade por captura accidental en artes de pesca sobre a poboación de toniña e arroaz en áreas Rede Natura 2000 das Rías Baixas.
- 3) Potenciar o coñecemento do estatus poboacional da toniña e o arroaz nas principais zonas de pesca das áreas Rede Natura 2000 das Rías Baixas.

O proxecto estase levando a cabo nas augas das Rías Baixas, tendo como base de actuación os portos pesqueiros de Baiona, Vigo, Cangas, Bueu e o Grove. Os biólogos da CEMMA están a realizar diversas accións, entre as que cabe destacar as seguintes:



- Embarques a bordo dos barcos de pesca, e de entrevistas aos mariñeiros, para recoller información sobre a actividade pesqueira e a interacción cos cetáceos.

- Campaña aérea para a monitorización poboacional de cetáceos nas áreas Rede Natura 2000 e nos caladoiros de pesca das Rías Baixas.

- Deseño e distribución de materiais de divulgación e sensibilización sobre a sustentabilidade da pesca e a

necesidade de reducir as capturas accidentais.

Neste caso, cabe destacar a edición da "Guía de boas prácticas para o sector pesqueiro diante do rexistro dunha captura accidental de cetáceos a bordo", que se pode descargar na [páxina do proxecto](#).

Hai que sinalar que, a pesar de amosar unha certa desconfianza inicial, o sector pesqueiro está amosando unha grande colaboración co proxecto VIRADA, participando de xeito moi activo e positivo na aportación de información a través das entrevistas, e permitindo o embarque dos biólogos a bordo dos barcos de pesca para realizar diversas mostraxes.

Os principais valores do proxecto VIRADA radican en que foi concibido tendo un profundo coñecemento das interaccións cetáceos-pesca que se producen en Galicia, e para ser executado en colaboración co sector pesqueiro.

O seu potencial baséase en que pretende establecer unha sólida base de coñecemento sobre a que se podan desenrolar novos proxectos complementarios no futuro.

Máis información:

CEMMA: www.cemma.org

Proxecto VIRADA: http://www.cemma.org/virada_gal.htm

Vídeo campaña aérea VIRADA: <https://www.youtube.com/watch?v=yAtCD22NoI0>

Vídeo embarques e entrevistas VIRADA:

<https://www.youtube.com/watch?v=t93JiyPR9jU>